

Don Pablo Montero Carrera, Secretario da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra

**CERTIFICA:**

Que na sesión da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra celebrada o 2 de febreiro de 2018, e segundo resulta do borrador da acta correspondente, e coa salvidade que establece o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, aprobado por R.d. 2568/1986, de 28 de novembro, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

**Asunto:** *Apertura da oferta final para a adxudicación dos contratos derivados 22 a 26, do “Acordo Marco para a prestación do servizo de asistencia técnica para a redacción de proxectos na rede de estradas provinciais de Pontevedra”. (Expte. 2017003642).*

O Sr. Secretario informa que a Xunta de Goberno, na sesión do día 10 de decembro de 2017 adxudicou o acordo marco convocado para regular a prestación do “Servizo de asistencia técnica para a redacción de proxectos de urbanización, reurbanización, accesibilidade e recuperación dos espazos públicos na Rede de Estradas Provinciais de Pontevedra” coas empresas e de acordo aos prezos ofertados (sen IVE) en función do tipo de proxecto que se indican:

TIPO DE PROXECTO	PROYESTEGAL, S.L.	NOVOTEC CONSULTORES, S.A.	GALAICONTROL, S.L.	ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A.	AIN ACTIVE, S.L.U.
Proxectos tipo I (PEM estimado ata 200.000,00€)	5.500,00 €	5.213,22 €	4.727,28 €	4.952,07 €	5.223,14 €
Proxectos tipo II (PEM estimado ata 400.000,00€)	9.600,00 €	8.256,61 €	7.628,10 €	8.047,11 €	8.541,32 €
Proxectos tipo III (PEM estimado ata 600.000,00€)	11.000,00 €	11.134,71 €	10.487,61 €	11.142,15 €	12.049,58 €
Proxectos tipo IV (PEM estimado ata 1.000.000,00€)	13.300,00 €	14.449,59 €	13.884,30 €	14.856,20 €	14.677,69 €
Proxectos tipo V (PEM estimado ata 2.000.000,00€)	20.000,00 €	21.079,34 €	20.528,93 €	22.284,30 €	20.826,45 €

O Secretario informa así mesmo que de conformidade co sinalado nos pregos, unha vez formalizado o Acordo Marco, e durante a súa vixencia, cando sexa necesario executar unha prestación concreta, debe procederse á adxudicación do correspondente contrato derivado, sendo as condicións destes contratos derivados as establecidas no acordo marco excepto o prezo, que será consultado as empresas seleccionadas co contrato específico a desenvolver sen que en ningún caso poida superar o prezo máximo ofertado pola empresa no acordo marco.

O Servizo de Mobilidade con data 23 de xaneiro de 2018, solicita que se proceda a adxudicación de varios contratos derivados para levar a cabo os traballos de redacción de proxectos técnicos que se detallan a continuación:

Tipo de Proxecto	Concello	Denominación da obra
I	MARÍN	MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 1205 ACCESO Á PRAIA DE AGUETE
I	VILA DE CRUCES	MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 6306 AGOLADA-CRUCES, P.K. 16+450 A 16+750
II	PONTEAREAS	MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL E REFORZO DE FIRME NA E.P. 2703 PAZOS-PONETAREAS AO SEU PASO POR RIBADETEA, P.K. 12+550 A 13+500
II	PONTEAREAS	MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 4004 ACCESO Á IGREXA DE GULÁNS, P.K. 0+000 A 0+490
III	PONTEVEDRA	MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 0002 MARCO-TOMEZA-FIGUIEIRIDO, P.K. 0+000 A 2+550

Unha vez solicitadas as empresas adxudicatarias do acordo marco a oferta final para cada un dos contratos derivados, éstas presentaron as mesmas dentro do prazo dos cinco días naturais concedidos, procedéndose a continuación a apertura das mesmas.

Os valores ofertados foron os seguintes:

Nº Contrato derivado	OFERTAS FINALES				
	PROYESTEGAL, S.L.	NOVOTEC CONSULTORES, S.A.	GALAICONTROL, S.L.	ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A.	AIN ACTIVE, SLU
2017003642/22	5.500 €				
2017003642/23	5.500 €				
2017003642/24	9.600 €	8.256,61 €	7.628,00 €	7.950,00 €	8.541,32 €
2017003642/25	9.600 €	8.256,61 €			8.541,32 €
2017003642/26		11.134,71 €			12.049,58 €

E para que conste, estende a presente, en Pontevedra, a dous de febreiro de dous mil dezaoto.

